

HOY LUNES | FINA ROCA

## A nosa cinza

A décimo terceira edición de *A nosa cinza* de Xavier Alcalá acaba de saír do prelo, da editorial Galaxia.

Follas Novas editou a primeira edición en 1980 e as dúas seguintes (1981-82) publicounas Ediciones NOS.

Galaxia compra os dereitos de autor en 1987 e edita as outras dez.

Catro portadas diferentes e 50.000 libros vendidos *legalmente* converten a novela nun indiscutible *best-seller* da narrativa galega.

O de legalmente ven a conto porque, durante seis anos (1982-87) a novela publicouse clandestinamente en Pontevedra, cunha tirada anual de 5.000 exemplares. ¡Curiosidade literaria para os coleccio-

nistas..! Pregúntome, ¿quen foi o editor clandestino?

A décima edición de Galaxia ten novidades. A primeira, un acertado cambio de portada. Un recordatorio da primeira comunión, da década dos cincuenta, sitúa ó lector no contexto histórico desta singular novela de denuncia social, na que o protagonista principal é un cativo rico, orfo de mái.

Un aprendiz de home que observa, con ollo fino, os dramáticos aconteceres



e o absurdo comportamento dos adultos.

Un neno que vive nunha cidade na que a xente «vestía de uniforme ou de loito» (Ferrol del Caudillo), na que impera o Carasol cos brazos alzados en saúdo fascista e na que mandan os curas castrens, coas súas castas beatas, e os militares sen conciencia. Tempos nos que ó roubar se chamaba requisar e ó matar pasear...

O segundo acerto edito-

rial foi recupera-la novela na súa primeira pureza, omitindo as claves literarias das edicións anteriores.

Nesta edición só aparece o fermoso limiar de Carballo Calero e o texto do autor.

*A nosa cinza* cumpre, con creces, co requisito principal da literatura universal: entreter e encandilar, desde o principio ó fin.

A terceira novidade é a dedicatoria do autor ó malogrado xornalista e amigo Gerino Núñez.

O éxito da novela é tan grande que ata lle copian o título... Suso de Toro: *Unha pouca cinza* (1992) subvencionada pola Xunta de Galicia. Poño por caso.

EL MUNDO - Galicia - 11/10/99